11. Comprende-los mecanismos de defensa dos seres vivos fronte á presencia de sustancias estrañas, incluíndo os procesos infecciosos e salientando o papel das defensas naturais.
- 12. Valora-la importancia dos avances da bioloxía nos transplantes para a mellora da calidade da vida.**

#### Criterios de cualificación

**Debido ás características especiais deste curso coas probas ABAU , realizaranse 2 exames de avaliación e un final, sendo a avaliación continua de modo que no exame da primeira avaliación entrarán 7 temas , na segunda 13 e na tercera avaliación que coincidirá co exame final de toda a materia entrarán os 19 temas. Para aprobar é preciso sacar un 5 de media ou aprobar o exame final, aínda que estiveran suspensos os parciais. Os exames terán a estrutura dos exames de Bioloxía das probas ABAU . Os alumnos/as que non aproben en Xuño ,terán que realizar na Avaliación Extraordinaria, un exame coas mesmas características que o de Xuño ,é dicir, dos 19 temas do temario e da estrutura das probas ABAU. Na nota final os exames contarán un 80% da nota e o 20% restante valorarase a actitude e o esforzo de cada alumno/a.**

#### **CTMA. 2º BACHARELATO**

#### **OBXECTIVOS**

A finalidade da materia é o desenvolvimento das seguintes capacidades:

1. Comprender o funcionamento da Terra e dos sistemas terrestres e as súas interaccións desde unha óptica sistémica, como fundamento para a interpretación das repercusións globais dalgúns feitos aparentemente locais e viceversa.
2. Coñecer a influencia dos procesos xeolóxicos no medio natural e na vida humana.
3. Avaliar as posibilidades de utilización dos recursos naturais, incluíndo as súas aplicacións, e recoñecer a existencia dos seus límites, valorando a necesidade de adaptar o uso á capacidade de renovación e aplicando aos problemas ambientais á óptica do desenvolvemento sustentable.
4. Analizar as causas que dan lugar a riscos naturais, coñecer os impactos derivados da explotación dos recursos e considerar diversas medidas de prevención e corrección.
5. Investigar científicamente os problemas ambientais, mediante técnicas variadas de tipo fisicoquímico, biolóxico, xeolóxico e matemático, e recoñecer a importancia dos aspectos históricos, sociolóxicos, económicos e culturais nos estudos sobre o medio natural.
6. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para realizar simulacións, tratar datos e extraer e utilizar información de diferentes fontes, avaliar o seu contido, fundamentar os traballos e realizar informes.
7. Promover actitudes favorables ao respecto e á protección do medio natural, desenvolvendo a capacidade de valorar as actuacións sobre o contorno e tomar libremente iniciativas na súa defensa.

## **CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN**

### **MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

1. O medio natural como sistema. Modelos sinxelos dos sistemas ambientais naturais.
2. Cambios no medio natural ao longo da historia da Terra.
3. Conceptos de recurso, risco e impactos ambientais. Pegada ecolólica.
4. Información ambiental, Avaliación ambiental, Teledetección, Sistemas de Información Xeográfica (SIX) mecanismos para acadar un desenvolvemento sostible.

### **BIOSFERA**

1. Ciclos bioxeoquímicos: ciclos do carbono, nitróxeno, xofre e fósforo.  
Organización (especies químicas, depósitos) e dinámica (procesos e fluxos naturais).  
Modificación humana da dinámica.
2. Fluxo de enerxía nos ecosistemas.

Conceptos básicos: niveis e redes tróficas; parámetros tróficos (biomasa, producción, taxa e tempo de renovación). Representacións gráficas. Eficiencias en producción primaria e secundaria. Fluxo de enerxía.

### 3. Distribución espacial dos ecosistemas.

Factores que limitan a producción en ecosistemas terrestres e acuáticos.

As biomas.

### 4. Dinámica das poboacións.

Concepto de potencial biótico “r” e capacidade de carga “K”. Estratexias. Factores limitadores e autorregulación. Tolerancia. Relacións interespecíficas. Nicho ecológico.

### 5. Dinámica dos ecosistemas.

Sucesións: tipos, parámetros indicadores de madurez.

Perturbación, papel da actividade humana.

### 6. O problema da perda de biodiversidade.

Concepto de biodiversidade, a súa distribución espacial e temporal.

Causas humanas de extinción.

Razóns para a conservación da biodiversidade, os servizos ecosistémicos.

Estratexias para conservación. Os espazos protexidos .

## XEOSFERA

### 1. Enerxía e procesos da xeosfera.

Balance enerxético da Terra.

Procesos xeolóxicos internos e externos: fenómenos asociados.

### 2. Os riscos naturais: concepto, factores e tipos de risco. Os riscos inducidos.

O risco volcánico: factores de risco aplicados ao vulcanismo.

Riscos asociados.

O risco sísmico. Factores de risco sísmico.

Conceptos básicos: tipos de ondas sísmicas.

Causa dos terremotos: a máis importante é a actividad tectónica (fallas).

Magnitude e Intensidade sísmica. Localización espacial dos terremotos.

Relación coa tectónica de placas: cinto de lume do Pacífico, o cinto alpino-himalaio e dorsais mediooceánicas. Predición e prevención do risco sísmico. Mapas de risco.

### 3. Riscos ligados ao sistema externo.

Avenidas e inundacións: causas naturais e humanas (tormentas,gota fría, roturas de presas, maremotos etc.). Exemplos de inundacións en España.

Planificación do risco de inundación. Medidas preditivas. A prevención das inundacións:solucións estruturais (medidas de laminación, diques etc.) e non estruturais (ordenación do territorio, simulación mediante GIS etc.).

Fenómenos de ladeiras: factores condicionantes e tipos.

Planificación dos riscos gravitacionais: medidas preditivas e preventivo-correctivas. Áreas de risco en España.

Subsíndicias e afundimentos.

Riscos asociados á dinámica litoral.

4. Os recursos da xeosfera e as súas reservas. Recursos enerxéticos de carácter mineiro (combustibles fósiles e enerxía nuclear). Enerxía xeotérmica. Visión global sobre os nosos recursos enerxéticos e minerais. Os recursos mineiros en Galicia.

5. Impactos derivados da explotación dos recursos e a súa incidencia en Galicia.

Impactos sobre a atmosfera. Impacto sobre as augas superficiais e subterráneas. Impacto sobre o solo, flora e fauna. Impacto sobre a paisaxe  
Medidas correctoras: plans de restauración de ceos abertos e entullo. Exemplos en Galicia: Meirama, As Pontes, O Porriño etc.

## CAPAS FLUIDAS: ATMOSFERA E HIDROSFERA

1. Estrutura e composición (GVT, GAS, inversión térmica).

2. Dinámica.

Causas. Circulación xeral global. Situacións transitorias (estabilidade, inestabilidade, anticiclón, borrasca, fronte fría, fronte cálida).

Dinámica da hidrosfera.

3. Actividade protectora e proxección biolóxica.

O efecto invernadoiro (Definición. Causas naturais. Consecuencias).

Ozono estratosférico (Función-localización. Procesos xerais de síntese e destrucción).

4. Impactos á atmosfera: incremento antropoxénico do efecto invernadoiro. Procesos xerais de destrucción do ozono estratosférico: evolución no tempo e o paradigma antártico. Ozono troposférico. Smog; choiva ácida. O efecto "illa térmica".

5. Interaccións océano-atmosfera.

Materia (O ciclo da auga. Gases). Enerxía. Consecuencias para o clima.

6. Estudio do clima e os cambios climáticos pasados, presentes e futuros.

7. Impactos na atmosfera: calidade do aire, contaminación acústica e lumínica.

8. Clasificación das augas continentais segundo a súa localización

Acuíferos: definición. Tipos.

Cuncas hidrográficas e a súa xestión: encoros, transvasamento.

9. Interacción auga doce - auga mariña.

Os esteiros.

9. Augas mariñas: os océanos. Características fisicoquímicas.

Dinámica oceánica (Definición, causas, tipos, e efectos de ondas, mareas e correntes. Afloramentos).

Formacións costeiras principais.

Brevísimo tratamento (xénese principal, dinámica xeral das formacións) de praias, tómbolos, dunas, lagoas litorais.

Oceanografía xeral da costa galega.

10. Impactos á auga.

Contaminación e calidade da auga: De orixe industrial (hidrocarburos e derivados, metais pesados, radionucleidos, PCB). De orixe doméstica-urbana (materia orgánica, eutrofización, purgas de mar). De orixe agrícola (pesticidas, fertilizantes, eutrofización). Asociados ao consumo excesivo (urbano, agrícola, medidas para a súa redución).

Avaliación da calidade: factores condicionantes, trazadores moleculares, DBO, (DQO), bioindicadores).

Tratamento e depuración das augas URBANAS.

## RECURSOS E USOS

## 1. Fundamentos de ciencia do solo.

Concepto de solo, compoñentes e organización en horizontes.

Fertilidade en relación ao concepto de complexo de cambio.

Papel dos factores (clima, litoloxía, topografía) de edafoxénese nas características dos solos galegos.

## 2. O solo como recurso e recursos biolóxicos asociados.

Usos potenciais do solo e Ordenación do Territorio.

Erosión e degradación de solos. Descripción dos factores que inflúen na desertificación e relationalos con medidas de mitigación.

3. Impacto das actividades agropecuarias e forestais. Erosión e degradación de solos, deforestación e desertificación. Agricultura e gandería.

4. Recursos dos ecosistemas mariños e costeiros: impactos ecolóxicos, pesca, acuicultura.

5. Uso da enerxía: calidade, rentabilidade, rendemento e custo.

6. enerxías convencionais. Enerxías alternativas. Uso eficiente da enerxía.

7. Recursos minerais.

8. O auga como recurso: ciclo do auga, usos e xestión.

9. A paisaxe como recurso: compoñenetes, impactos e conservación. Espazos naturais protexidos.

10. Os residuos: concepto, clasificación e xestión. Distinción entre residuos sólidos urbanos, sanitarios, industriais, radioactivos agrogandeiros e forestais.

Xestión de residuos urbanos. Avantages e inconvenientes das diferentes opcións de xestión.

Xerarquía dos sistemas de xestión: redución ou prevención, recuperación (do material por reutilización e reciclaxe, ou recuperación enerxética), eliminación (incineración sen recuperación enerxética e vertido).

Problemática ambiental e sustentabilidade.

**A temporalización e secuenciación** dos contidos por avaliacións é a seguinte:

1<sup>a</sup> avaliación:

Introducción as Ciencias Medioambientais (4 a 6 sesions)

Biosfera (20 a 24 sesions)

2<sup>a</sup> avaliación:

Atmosfera (18 a 20 sesions)

Hidrosfera (18 sesions)

3<sup>a</sup> avaliación:

Xeosfera (20 a 22 sesions)

Edafosfera (6 sesions)

A xestión do Planeta (4 sesions)

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Aplicar a teoría de sistemas ao estudo da Terra e do medio natural, reconécedo a súa complexidade, a súa relación coas leis da termodinámica e o carácter interdisciplinar das ciencias ambientais, e reproducir modelos sinxelos que reflectan a estrutura dun sistema natural. Trátase de avaliar se o alumnado é capaz de comprender que o medio natural é un sistema formado por un conxunto de elementos con relacións de interacción e interdependencia que lle confiren carácter propio e se é capaz de realizar modelos representativos.
2. Identificar os principais instrumentos que achegan información sobre o medio natural na actualidade e as súas respectivas aplicacións. Trátase de comprobar se recoñecen os principais métodos de información acerca do medio natural, como a observación e descripción do territorio e o seu uso, a cartografía temática, a fotografía aérea, a toma de mostras e a súa análise e interpretación e se saben describir en que consisten as informacóns que nos subministran as modernas técnicas de investigación (sistemas de localización, fotografías de satélites, radiometrías etc.) baseadas nas tecnoloxías da información e da comunicación.
3. Explicar a actividade reguladora da atmosfera, saber cales son as condicións meteorolóxicas que causan maior risco de concentración de contaminantes atmosféricos e algunas consecuencias da contaminación, como o aumento do efecto invernadoiro e a diminución da concentración do ozono estratosférico. Trátase de avaliar se o alumnado comprende a capacidade reguladora térmica, química etc. da atmosfera, así como a súa gran capacidade difusora de contaminantes. Tamén se avaliará se entende que existen algunas variables como a presión atmosférica e a topografía, que poden modificala, aumentando a contaminación e os efectos sobre a poboación.
4. Relacionar o ciclo da auga con factores climáticos e citar os principais usos e necesidades como recurso para as actividades humanas. Recoñecer as principais causas de contaminación da auga e utilizar técnicas químicas e biolóxicas para detectala, valorando os seus efectos e consecuencias para o desenvolvemento da vida e do consumo humano. Avaliarase se se relaciona o ciclo da auga cos elementos e factores climáticos, se se coñecen as causas de que haxa máis dispoñibilidade de auga doce nuns lugares ca noutros e se se sabe qué actividades humanas destacan polo seu requirimento hídrico. Así mesmo, valorarase se se dominan algunas técnicas para a determinación da DBO, o oxíxeno disolto, a presenza de materia orgánica e de microorganismos, se se identifican algunas especies biolóxicas indicadoras de contaminación e se se sabe inferir a partir delas o seu grao de adecuación para o desenvolvemento da vida e do consumo humano.
5. Identificar as fontes de enerxía da actividade xeodinámica da Terra e recoñecer os seus principais procesos e produtos; explicar o papel da xeosfera como fonte de recursos para a humanidade e distinguir os riscos naturais dos inducidos pola explotación da xeosfera. Trátase de avaliar se o alumnado é quen de recoñecer no relevo o resultado da interacción entre procesos xeolóxicos internos e externos e se é capaz de establecer a relación causal destes con estruturas como cordilleiras, dorsais e fosas oceánicas, placas litosféricas, sistemas fluviais e glaciarios. Tamén se valorará se recoñece a orixe xeolóxica de gran parte dos obxectos do seu contorno. Débense saber identificar os riscos de orixe natural e aqueles causados, polo menos parcialmente, pola actividade humana.
6. Analizar o papel da natureza como fonte limitada de recursos para a humanidade, distinguir os recursos renovables ou perennes dos non renovables e determinar os riscos e impactos ambientais derivados das accións humanas. Valorarase a capacidade das alumnas e dos alumnos

para analizar os distintos recursos naturais que utiliza a humanidade nas súas actividades e se saben clasificar segundo criterios de renovabilidade. Tamén se valorará o coñecemento da gran capacidade de alteración do medio natural polo ser humano e algunas das consecuencias más relevantes (contaminación, deforestación, desaparición de recursos biolóxicos etc.) utilizando os conceptos de risco e impacto.

7. Recoñecer o ecosistema como sistema natural interactivo; coñecer os seus ciclos de materia e fluxos de enerxía; interpretar os cambios en termos de sucesión, autorregulación e regresión; recoñecer o papel ecolóxico da biodiversidade e o aproveitamento racional dos seus recursos. Trátase de avaliar se o alumnado é capaz de identificar o ecosistema como un sistema e de manexar modelos de cadeas tróficas, redes tróficas, fluxo de enerxía e ciclos de materia. Débese avaliar, así mesmo, a valoración da biodiversidade, a importancia das perdas de enerxía en cada nivel trófico e as súas repercuсиóns prácticas no consumo de alimentos. Trátase tamén de avaliar se o alumnado é capaz de identificar os estadios de sucesión dun ecosistema e a resposta do medio natural a alteracións humanas como os incendios e a contaminación.

8. Caracterizar o solo e o sistema litoral como interfases, valorar a súa importancia ecolóxica e coñecer as razóns polas que existen en España zonas sometidas a unha progresiva desertización, propoñendo algunas medidas para paliar os seus efectos. Trátase de avaliar a capacidade para describir as características propias do solo e o litoral, recoñecer ao mesmo tempo aqueles compoñentes que lles dan unha entidade propia, complexa e estable, e explicar mediante argumentos fisicoquímicos e biolóxicos as razóns da súa importancia ecolóxica.

9. Diferenciar entre o crecemento económico e o desenvolvemento sustentable e propoñer medidas encamiñadas a aproveitar mellor os recursos, a diminuir os impactos, a mitigar os riscos e a conseguir un medio natural máis saudable. Avaliarase se o alumnado comprende que a visión dos problemas ambientais tamén depende de criterios sociais, políticos e económicos e propón posibles melloras que mitiguen a situación baseándose en modelos de desenvolvemento sustentable.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN		PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CALIFICACIÓN
Criterios comúns	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Referentes á actitude con respecto ao traballo e ao estudio</li> <li>b. Referentes á convivencia e á autonomía persoal</li> <li>c. Referente á expresión e comunicación oral e escrita</li> <li>d. Referente ao tratamento da información e uso das TIC</li> </ul>	Observación das actitudes. Realización de entrevistas individuais. Actividades diarias en clase.	Caderno do profesor. Caderno do alumnado.	10%

Criterios propios da materia	Explicados anteriormente	Corrección de probas escritas.	Probas escritas.	70%
		Presentación de traballos individuais. Presentación de traballos en grupo. Corrección do caderno do alumnado.	Caderno do profesorado. Caderno do alumnado.	20%

#### 4. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A acción avaliadora baséase nos seguintes principios:

- Continuidade: inicio, desenrollo e fin.
- Sistematicidade: plan previamente tratado.
- Flexibilidade: utilización de variados procedementos e instrumentos de avaliação.

Con respecto ós alumnos, a avaliação concébese:

- Individualizada: situación inicial e particularidades.
- Cualitativa: avalíanse equilibradamente os niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- Orientadora: Da información ó alumno para mellorar.
- Continua: contrasta diversos momentos
  - Inicial: datos do punto de partida.
  - Formativa: evolución do proceso.
  - Sumativa final: análise dos resultados.

Todas as actividades que realizan os alumnos na aula proporcionan información sobre a sua availación. Tendo en conta esta circunstancia e baseándose nos principios metodolóxicos da avaliação anteriormente expuestos, planteamos unha serie de procedementos de avaliação, que ten como principal característica ser variados e flexibles, para tender á diversidade, e que se utilizarán para valorar a consecución dos obxectivos didácticos (avaliación sumativa e final), medidos polos criterios de avaliação.

Estos procedementos de avaliação son:

- a) Diálogos alumno-profesor: os alumnos deben de expresar as súas facilidades e dificultades.
- b) Observación directa: permite valorar actividades cotidianas, contenidos procedementais y actitudinais.
- c) Produccións dos alumnos: realización dos deberes, revisión dos cadernos e exercicios da aula virtual (moodle) e corrección das actividades de avaliação. Terá en conta: a calidade dos textos, a variedade das fontes, o rigor científico e a entrega no prazo. En xeral non se aceptaran os traballos fóra do prazo, salvo enfermidade do alumno.
- d) Probas específicas escritas: avalúan principalmente contidos de tipo conceptual e procedamental (ámbito cognitivo).

No momento no que os procedementos de avaliação detecten que os alumnos non acadan os obxectivos, xa que non acadan os criterios de avaliação, actuaremos para a sua recuperación. O propio procedemento de avaliação definirá o mecanismo de recuperación:

- Diálogos alumno-profesor ou observación directa: actividades de reforzo, cambio de metodoloxía, novos materiais educativos ou agrupamentos específicos.
- Producción dos alumnos: recalcar as actividades de mais valor formativo.
- Probas específicas escritas: repetir unha nova proba de avaliação.

RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
	<ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Observación directa do traballo diario.</li> <li><input type="checkbox"/> Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliação.</li> <li><input type="checkbox"/> Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).</li> <li><input type="checkbox"/> Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</li> <li><input type="checkbox"/> Valoración cuantitativa do avance colectivo.</li> <li><input type="checkbox"/> Valoración cualitativa do avance colectivo.</li> <li><input type="checkbox"/> Outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Elemento de diagnóstico: rúbrica da unidade.</li> <li><input type="checkbox"/> Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade.</li> <li><input type="checkbox"/> Avaliación por competencias, probas correspondentes á unidade.</li> <li><input type="checkbox"/> Probas de avaliação externa.</li> <li><input type="checkbox"/> Outros documentos gráficos ou textuais.</li> <li><input type="checkbox"/> Debates e intervencións.</li> <li><input type="checkbox"/> Proxectos persoais ou de grupo.</li> <li><input type="checkbox"/> Representacións e dramatizacións.</li> <li><input type="checkbox"/> Elaboracións multimedia.</li> <li><input type="checkbox"/> Outros.</li> </ul>	<p><b>Cualificación cuantitativa:</b> Nas probas de avaliação de contidos, cada actividade cualificarse con 1 punto se se resolveu correctamente. No caso de que a resolución non sexa errónea, pero sexa incompleta ou falte algún elemento esencial, pódese valorar con 0,5 puntos. Así, a cualificación máxima da proba será de 10 puntos. A avaliação inicial cualificarse do mesmo modo.</p> <p><b>Cualificación cualitativa:</b> terá como clave para o diagnóstico a rúbrica correspondente á unidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Probas de avaliação por competencias.</b></li> <li>• <b>Observación directa.</b></li> </ul>

## 5. MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles veñen indicados nas respectivas programacións xunto cos contidos e criterios de avaliación. No 2º Curso de Bacharelato só se indican os mínimos xa marcados polos grupos de traballo.

## **6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Os criterios de cualificación figuran especificados nas correspondentes programacións de cada curso.

## **7. PROCEDIMENTO PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL NA ESO E PROCEDIMENTO DE ACREDITACIÓN DE COÑECIMENTOS PREVIOS DAS MATERIAS QUE O PRECISEN (para 2º curso do bacharelato)**

O departamento de Bioloxía e Xeoloxía fai preavaliacións de tipo proba escrita nos dous ciclos da ESO. Ditas preavaliacións fan referencia aos contidos da área do curso anterior agás para 1º de ESO no que se fai unha proba escrita dos contidos da materia de Ciencias Naturais de Educación Primaria.

Ademais nas primeiras tres semanas do curso os profesores avaliaran os niveis de lectura, expresión oral e escrita de cada un dos alumnos.

Nas reunións de preavaliación se fai unha posta en común de cada un dos alumnos e se fala de posibles dificultades así como de posibles medidas de reforzo, adaptación,...

## **PROCEDIMENTO DE ACREDITACIÓN DE COÑECIMENTOS PREVIOS DAS MATERIAS QUE O PRECISEN (para 2º curso do bacharelato)**

Todo os alumnos que non teñan cursado Bio-Xeo de 1º de Bach, terán que fazer un exame de dita asignatura para poder cursar a Bioloxía de 2º de Bach.

## **8. PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES NA ESO**

A avaliación das materias pendentes deste Departamento é levada a cabo polo profesor/a do curso no que está matriculado o alumno se ten continuidade ou polo xefe de departamento en caso contrario.

Cada profesor avaliará os seus respectivos alumnos/as por avaliacións, facendo un seguimento personalizado. A cada alumno se lle encargará un traballo persoal que deberá ser entregado para a súa calificación. Estas actividades entregaranse ó inicio de cada avaliación e a súa devolución é obligatoria nas datas que así se lle indique ós alumnos. Ademáis, poderá realizarse unha proba de cada avaliación.

Para a avaliación das materias pendentes teranse en conta tanto os traballos entregados como a nota obtida na proba escrita. A cualificación das materias pendentes figurará no boletín trimestral de información á familia.

Se algún caso un alumno/a non superara a avaliación de pendentes en xuño (o último exame será a finais de maio) poderá recuperar a materia na convocatoria extraordinaria de setembro.

## 9. CUALIFICACIÓN DE MATERIAS PENDENTES E PROGRAMAS DE REFORZO

A avaliación das materias pendentes deste Departamento é levada a cabo polo profesor/a do curso no que está matriculado o alumno se ten continuidade ou polo xefe de departamento en caso contrario.

Para a avaliación das materias pendentes teranse en conta tanto os traballos entregados como a nota obtida na proba escrita. A cualificación das materias pendentes figurará no boletín trimestral de información á familia.

Se algún caso un alumno/a non superara a avaliación de pendentes en xuño poderá recuperar a materia na convocatoria extraordinaria de setembro.

En principio este curso non está previsto ningún programa de reforzo.

## PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES NO BACHARELATO

A avaliación das materias pendentes deste Departamento é levada a cabo polo profesor/a do curso no que está matriculado o alumno se ten continuidade ou polo xefe de departamento en caso contrario.

Cada profesor avaliará os seus respectivos alumnos/as por avaliacións, facendo un seguimento personalizado. A cada alumno se lle encargará un traballo persoal que deberá ser entregado para a súa calificación. Estas actividades entregaranse ó inicio de cada avaliación e a súa devolución é obligatoria nas datas que así se lle indique ós alumnos. Ademais, poderá realizarse unha proba de cada avaliación.

Para a avaliación das materias pendentes teranse en conta tanto os traballos entregados como a nota obtida na proba escrita. A cualificación das materias pendentes figurará no boletín trimestral de información á familia.

Se algún caso un alumno/a non superara a avaliación de pendentes en xuño (o último exame terá lugar en maio) poderá recuperar a materia na convocatoria extraordinaria de setembro.

## 10. METODOLOGÍA DIDÁCTICA

ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
	<input type="checkbox"/> Modelo discursivo/expositivo. <input type="checkbox"/> Modelo experiencial. <input type="checkbox"/> Obradoiros. <input type="checkbox"/> Aprendizaxe cooperativa. <input type="checkbox"/> Traballo por tarefas. <input type="checkbox"/> Traballo por proxectos. <input type="checkbox"/> Outros.	<input type="checkbox"/> Actividade e experimentación. <input type="checkbox"/> Participación. <input type="checkbox"/> Motivación. <input type="checkbox"/> Personalización. <input type="checkbox"/> Inclusión. <input type="checkbox"/> Interacción. <input type="checkbox"/> Significatividade. <input type="checkbox"/> Funcionalidade.	<input type="checkbox"/> Tarefas individuais. <input type="checkbox"/> Agrupamento flexible. <input type="checkbox"/> Parellas. <input type="checkbox"/> Pequeno grupo. <input type="checkbox"/> Gran grupo. <input type="checkbox"/> Grupo interclase. <input type="checkbox"/> Outros.

		<input type="checkbox"/> Globalización. <input type="checkbox"/> Avaliación formativa. <input type="checkbox"/> Outros.	
--	--	---	--

## 11. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

En canto ós materiais curriculares, tódolos cursos teñen marcado un libro de texto que lles serve de guía ó alumnado. Tamén se lles facilitará o material con outras actividades cando a profesora correspondente considere necesario realizar máis tarefas.

Se o profesor o estima convinte utilizará a aula virtual e os seus recursos.

Entre os recursos materiais que utilizaremos están:

- Libro de texto e materiais de apoio.
- Uso de distintas fontes de información: xornais, revistas, libros, Internet, etc.; xa que o alumno debe desenvolver a capacidade de aprender a aprender.
- Aula de Informática, onde o profesor ensinará estratexias tanto de búsqueda como de procesamento da información.
- Biblioteca do Centro, onde o alumno pode atopar nos libros desta, información para a resolución das actividades.
- Videos, CD didácticos e películas relacionadas coas diferentes unidades.
- Laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía que permite a realización das prácticas.

Os libros de texto para o presente curso son os seguintes:

CURSO	MATERIA	TÍTULO
1º ESO	Bioloxía e Xeoloxía	<i>BIOLOXIA E XEOLOGIA Saber Facer (Ed. Santillana) ISBN:978-84-9972-444-7</i>
3º ESO	Bioloxía e Xeoloxía	<i>BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3- AULA 3D. Á. FERNÁNDEZ ESTEBAN Y OTROS ISBN: 978-84-682-3124-2</i>
4º ESO	Bioloxía e Xeoloxía	<i>Bioloxía-Xeoloxía. BX 4 Editorial Vicens Vives. Edición 2016 ISBN: 978-84-682-3824-1</i>
	Cultura Científica	<i>Cultura Científica Editorial Anaya. 2016</i>

		<i>ISBN-978-84-698-2736-9</i>
1º Bacharelato	Bioloxía e Xeoloxía	<i>Bioloxía e Xeoloxía.</i> Ed. Vicens Vives. 2016 ISBN: 978-84-682-3908-8
	Cultura Científica	CULTURA CIENTIFICA Saber Facer (Ed.Santillana) ISBN:78-84-680-1186-8
	Anatomía Aplicada	Anatomía aplicada Ed. Vicens Vives 2017 ISBN: 978-84-682-5135-6
2º Bacharelato	Bioloxía	<i>Bioloxía.</i> Ed. Vicens Vives. 2016 ISBN 978-84-682-3641-4
	CTMA	CTMA ( Ed. McGraw-Hill) Calvo, D.; Molina, Mª T.;Salvachúa, J. ISBN: 978-84-486-0939-9

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

No Proxecto Curricular tivemos en conta o tratamento da diversidade do alumnado en relación aos diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumno/a na aula.

Cada profesor debe orientar a súa intervención en función da diversidade de formas de aprendizaxe que se poden dar entre os alumnos/as e desenvolver diferentes estratexias de ensino co obxecto de facilitar as aprendizaxes dos alumnos e as alumnas en función das súas necesidades concretas. Así, na práctica docente diaria:

- As actividades serán moi diversas. Deste modo, o profesor/a poderá deseñar estratexias de ensino-aprendizaxe adaptadas ao nivel do grupo-clase.
- Incluiranse numerosas actividades de reforzo e de ampliación para cada unha das epígrafes dos temas.

As adaptacións curriculares naqueles casos nos que haxa alumnos/as con dificultades de aprendizaxe serán estudiadas en cada caso particular coa colaboración do departamento de orientación e deberán ser aprobadas pola Inspección correspondente.

Nos casos puntuais nos que os alumnos/as non poidan asistir ás clases por diversas causas: hospitalización, embarazo, repouso domiciliario.....a profesora da materia entregará á Xefatura de Estudos, material específico para cada caso e fará un seguimento da elaboración do mesmo. Se a

Administración Educativa envía un/unha profesor/a de apoio á casa do alumno ou no hospital de ingreso hai unha aula específica para o seguimento dese alumno/a , será preciso a coordinación con dito profesional. Para avaliar a materia terase en conta o traballo realizado polo alumno/a así como as probas de avaliação que o alumno/a poida realizar en función da súa saúde.

## **13. PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES**

O Departamento traballa a educación en valores xunto cos titores e o Departamento de Orientación.

### **Educación ambiental**

Concienciar os alumnos sobre a importancia do desenvolvemento sostible para o noso futuro. Para iso, cómpre insistir no feito de que os recursos que a natureza nos ofrece son limitados e, en consecuencia, a súa explotación e xestión deben ser razonables.

### **Educación moral e cívica**

Os alumnos deben entender que os recursos procedentes da Terra non están repartidos dun xeito equitativo entre todos os seus habitantes, polo que é importante empregalos de forma solidaria e ter en conta, por suposto, que non son limitados e que todos temos dereito a gozalos.

As relacións sexuais deben ser voluntarias, do contrario, aténtase contra a dignidade humana e infrínxese a lei.

### **Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos os性**

Igualdade de ambos os sexos en diversos campos: laboral, económico, educativo, etcétera.

### **Educación para a saúde**

A unidade resulta moi axeitada para relacionar a influencia de diversos factores presentes en xeral no noso medio (tabaco, comidas con exceso de colesterol, falta de exercicio físico, drogas, alcohol,etcétera) na aparición de enfermedades

### **Educación do consumidor**

Destácase a importancia de «saber consumir» —fundamentalmente en relación coas comidas— para manter o sistema cardiovascular nunhas condicións óptimas.

### **Educación viaria**

Pódese tratar o aumento do número de accidentes de tráfico por mor dunha visión ou audición deficientes. Isto implica a necesidade de revisións periódicas e de empregar, se fose necesario, as técnicas correctoras axeitadas: lentes, audiófonos...

### **Educación para a paz**

Algunhas rochas, coma o petróleo, posúen un indubidable valor xeoestratégico derivado da súa relevancia como fonte de enerxía nas sociedades desenvolvidas. A concentración das principais reservas petrolíferas en determinadas áreas do planeta é, moitas veces, unha fonte de conflitos e tensións internacionais que poden chegar a deteriorar moi seriamente a estabilidade e a concordia mundial.

## 14. PROXECTO LECTOR

O departamento de Bioloxía e Xeoloxía tamén quere contribuír o Proxecto Lector do centro polo que a continuación se describen as accións previstas con ese fin.

<b>Curso</b>	<b>1º da E.S.O</b>
<b>Área</b>	<b>BIOLOXÍA E XEOLOXÍA</b>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Motivar a lectura científica en xornais e revistas</li><li>- Fomentar o uso da biblioteca do centro, dotándoo de libros de divulgación científica..</li><li>- Utilizar o libro de texto para mellorar a lectura e comprensión lectora e a expresión oral para mellorar o vocabulario científico.</li></ul>
<b>Descripción</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Lectura en voz alta dos diferentes temas e explicar o seu contenido.</li><li>- Traballos en pequenos grupos, utilizando a biblioteca para buscar información.</li><li>- Lectura de biografías de científicos.</li><li>- Elaboración dun glosario de conceptos científicos propios da asignatura.</li></ul>
<b>Temporalización</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Lectura compresiva tódolos días.</li><li>- Repaso do glosario ó rematar cada tema.</li><li>- Uso da biblioteca cando se fagan os traballos ou o alumno o precise.</li></ul>
<b>Recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Libro do alumno.</li><li>- Caderno do alumno.</li><li>- Xornais e revistas científicas.</li><li>- Internet.</li><li>- Exposición de traballos.</li></ul>

<b>Avaliación</b>	- Continua, mediante as actividades desenvolvidas.
-------------------	--

<b>Curso</b>	<b>3º e 4º de E.S.O.</b>
<b>Materia</b>	<b>BIOLOXÍA E XEOLOXÍA</b>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilizar o libro de texto para mellorar a lectura e comprensión lectora e a expresión oral para mellorar o vocabulario científico.</li> <li>- Fomentar a comprensión do vocabulario científico propio da materia do curso.</li> <li>- Espertar a necesidade de estar ó día no aspecto científico.</li> <li>- Expoñer oralmente traballos sobre novas científicas que sexan relevantes</li> <li>- Fomentar o uso da biblioteca do centro, dotándoo de libros de divulgación científica</li> </ul>
<b>Descripción</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura en voz alta dalgúns contidos dos diferentes temas.</li> <li>- Elaboración dun glosario de conceptos científicos propios da asignatura.</li> <li>- Recollida de novas científicas que aparezan en calquer medio de comunicación, seleccionalas e ampliar as que interese profundizar nelas ben por suxerencia do profesor ou dos alumnos, para logo expoñelas na clase.</li> <li>- Co gallo dos días mundiais adicados á saúde e o medio ambiente, presentaránse eses traballos nos taboleiros de exposición do centro para a súa divulgación.</li> </ul>
<b>Temporalización</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura compresiva tódolos semanas.</li> <li>- Repaso do glosario ó rematar cada tema.</li> <li>- Comentario mensual da recollida de novas científicas.</li> </ul>
<b>Recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Caderno do alumno.</li> <li>- Revistas e xornais.</li> <li>- Internet.</li> </ul>
<b>Avaliación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Continua, mediante as actividades desenvolvidas.</li> <li>- Valorar o interese pola búsqueda e difusión das novas.</li> </ul>

<b>Curso</b>	<b>1º BACHARELATO</b>
<b>Materia</b>	<b>BIOLOXÍA E XEOLOXÍA / ANATOMÍA</b>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballar o vocabulario propio da materia.</li> <li>- Motivar a asistencia á biblioteca e a lectura sobre temas científicos.</li> </ul>
<b>Descripción</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Farase, en función do que resulte de maior actualidade, lectura de prensa tanto na casa como no Centro. Poden estar en soporte papel ou colgados na nosa páxina web e ampliar as que interese profundizar ben por suxerencia do profesor ou dos alumnos, para logo expoñelas na clase</li> <li>- Na Biblioteca teremos unha sección de libros recomendados.</li> </ul>
<b>Temporalización</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Todas as semanas.</li> </ul>
<b>Recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biblioteca.</li> <li>- Internet e prensa.</li> <li>- Revistas científicas</li> <li>- Caderno do alumno.</li> </ul>
<b>Avaliación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Final: Cando se entreguen os traballos.</li> </ul>

<b>Curso</b>	<b>2º BACHARELATO</b>
<b>Materia</b>	<b>BIOLOXÍA /CTMA</b>
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballar o vocabulario propio da materia.</li> <li>- Motivar a asistencia á biblioteca e a lectura sobre temas científicos.</li> <li>- Utilizar as novas tecnoloxías coma fonte de consulta e medio de expresión, analizar a información e elaborar un traballo individual de opinión.</li> </ul>
<b>Descripción</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Búsqueda de información na web e outras fontes.</li> <li>- Elaboración de informes.</li> <li>- Elaboración de mapas conceptuais.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ao longo do curso.</li> </ul>

<b>Temporalización</b>	
<b>Recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aula de informática.</li> <li>- Conexión a Internet.</li> <li>- Biblioteca.</li> </ul>
<b>Avaliación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Final: Cando se entreguen os traballos.</li> </ul>

## 15. PROXECTO TIC DO DEPARTAMENTO DE CIENCIAS

O desenvolvemento dos contidos do currículo na área de Biología e Xeología require da utilización de gran cantidad de recursos didácticos, tanto comúns a outras áreas (diapositivas, transparencias, encyclopedias, visionado de vídeos, etc) como específicas (colección de animais, plantas, minerais, modelos anatómicos, laboratorio de prácticas, etc).

Ademáis contamos co handicap de que para desenvolver algúns contados (división celular, vulcanismo, dinámica de placas litosféricas, movementos do corazón, formación dos ouriños, etc) necesitamos utilizar modelos dinámicos difíciles de reproducir na pizarra ou con diapositivas.

Contar na aula cun recurso tan importante como é un ordenador, permitiríamnos suplir moitas carencias de recursos materiais e tamén utilizar animacións que axudarían a desenvolver algúns contidos difíciles de explicar doutro xeito.

Neste curso por primeira vez, empregarase o Moodle como ferramenta de traballo e apoio dos contidos desenvolvidos na aula.

A continuación se describen as accións previstas a curto prazo con este fin:

### ▪ 1º curso ESO

- Potenciar a utilización de búsqueda en Internet para a realización de traballos.
- Correo electrónico para consultar dúbihdas co profesor.
- Utilizar a páxina web do Departamento para a resolución de exercicios e repaso das unidades didácticas.
- Utilización da presentación en Power-Point dalgúns dos temas.
- Visionado de DVDs.

### ▪ 3º curso ESO

- Organizar os repasos de tal forma que os alumnos que teñan a materia suspensa poidan acceder vía web a este repaso.
- Modelos anatómicos interactivos do corpo humano.
- Visionado de DVDs.

### ▪ 4º curso ESO

- Emprego da pizarra dixital e o canón proxector para completar as explicacións do profesor na clase.

- Organizar os repasos de tal forma que os alumnos que teñan a materia suspensa poidan acceder vía web a este repaso.
  - Listado de preguntas importantes de cada tema na páxina web para facilitar a aprendizaxe.
  - Potenciar a utilización de búsqueda en Internet.
  - Resolución de problemas de xenética de forma interactiva.
  - Visionado de DVDs.
- **1º Bacharelato.**
    - Actualmente xa se está utilizando, nas dúas asignaturas do noso Departamento (Bio e CMC), a páxina web para colgar material de repaso, completar a información do libro con webquest, canón e pizarra dixital.
    - Aula virtual
    - Potenciar o uso do correo electrónico para o envío de traballos.
    - Modelos anatómicos interactivos do corpo humano.
    - Simulacións dos movementos das placas litosféricas e as súas consecuencias.
    - Resolución de problemas de forma interactiva.
    - Visionado de DVDs.
  - **2º Bacharelato.**
    - Poder acceder desde a páxina web do Departamento á web da Ciuga para facilitar ós alumnos toda a información das novedades de Selectividade en canto á probas e contidos.
    - Organizar os repasos utilizando a páxina web do Departamento.
    - Colgar animacións de certos procesos como a biosíntese de proteínas e todo o relacionado coa bioloxía do ADN.
    - Visionado de DVDs.

## 16. PLAN DE CONVIVENCIA

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía está a contribuír activamente na elaboración do plan de convivencia do centro, mediante as reunións da Comisión Pedagólica e as do propio departamento.

## 17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No curso 2015-2016 o Departamento de Ciencias Naturais ten programadas as seguintes actividades complementarias que se realizarán ao longo do curso:

<b>Actividades</b>	<b>Curso</b>
Visita á Casa das Ciencias e Aquarium	1º ESO
Visita a un ecosistema natural; Monumento Natural Costa Dexo-Serantes	4º ESO
Visita a planta potabilizadora A Telva (con Fca e Qca )	4ºESO
Visita ao Muncyt ( con Tecnoloxía )	1º Bach
Visita a un centro de investigación	2º Bach
<b>Celebración do Día do Medio Ambiente:</b>	
Concurso “Fotografía da Natureza”	Por determinar
Concurso de carteis	ESO
Charlas sobre o medioambiente:	ESO Bach

## 18. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A avaliação debe analizar todos os aspectos do proceso educativo e debe permitir a retroalimentación, isto é, debe fornecer información que permita reestruturar a actividade no seu contexto.

Por isto, os membros do Departamento levarán a cabo de xeito periódico durante a hora de reunión do Departamento unha posta en común do desenvolvemento do programa nos diferentes cursos e do funcionamento das actividades tanto de aula como das actividades programadas fóra da aula coa finalidade de ir subsanando as deficiencias que poida dar lugar o desenvolvemento da programación.

Nesta análise do propio proceso teráse en conta se se traballaron os contidos, se se afondou neles nun grao conveniente, cal é o grao de consecución dos obxectivos, que obxectivos non se cumpriron, e a razón deste incumprimento, etc.

Tamén se avaliarán os métodos, a didáctica e os recursos materiais, o proceso de evaluación e formularanse as proposta de mellora. Trátase, en definitiva, de que o proceso de ensinanza e aprendizaxe mellore.

No libro de actas do departamento quedarán rexistrados todos os aspectos tratados así como as novas pautas ou melloras a introducir na programación.

## 19. ANEXO

A Coruña 17 de Setembro de 2018

Reúñese o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía coa seguinte orde do día:

Aprobación da programación do Departamento

Todos os membros do Departamento aseguran coñecer a programación didáctica do departamento e estar de acordo con ela. E sen más asuntos que tratar, levántase a sesión.

Asinado

Asinado

M<sup>a</sup>-Jesús Martínez Vilar

M<sup>a</sup> Jesús Martínez Vilar

M<sup>a</sup>- Elena P. Seijo

Elena Pérez Seijo

R. S.

Rebeca Alonso Sánchez